

LUZ LÓPEZ PÉREZ, en nome e representación da Federación de Ensino de CCOO de Galicia con enderezo a efectos de notificación na rúa Miguel Ferro Caaveiro 8 – 1º andar, CP 15707 de Santiago de Compostela

EXPON que:

Con motivo da crise sanitaria provocada polo COVID19 suspendeuse a actividade lectiva presencial nos centros educativos dende o día 15 de marzo. A partir dese momento vímonos obrigados a manter a actividade lectiva de xeito telemático. Foi prioritario asegurar a atención educativa de todo o alumnado. A irrupción repentina dunha situación novedosa fixo comprensible a improvisación e a falta de organización e regulación desta nova modalidade. O profesorado adaptouse en tempo record a esta nova situación sen formación previa e sen recursos por parte da Consellería; traballou arreo sen horarios atendendo ao alumnado a calquera hora do día e incluso fins de semana asumindo o cambio nas súas condicións de traballo sen protestar.


Non existe ningunha garantía de que a situación xerada pola COVID-19 volva a impornos recurrir novamente á teledocencia ben sexa con carácter temporal ou permanente, total ou parcial. Despois de seis meses non podemos aceptar que a Consellería de Educación non abordara un plan de formación para o profesorado nin a necesaria dotación de medios técnicos (conectividad, aparellos informáticos) para todo o alumnado e profesorado que os requira.

Para o curso 2020/21 nin o profesorado pode estar conectado a todas horas e todos os días da semana, nin o alumnado pode estar diante dun ordenador o mesmo horario que estaría na aula de forma presencial.

Polo que SOLICITA

A negociación da **regulación das condicións laborais en situación de teletraballo** nas que se contemple o horario de traballo, as xornadas e mesmo o dereito á desconexión dixital.

Da mesma forma corresponde á empresa a formación das e dos seus traballadores e a dotación dos medios necesarios para desenvolver o seu traballo.


Asdo: Luz López Pérez



A/A CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE